

RECOMENDACIÓNS PARA AS FAMILIAS

Estimadas familias:

Deixámosvos unha serie de recomendacións para facer cos vosos fillos/as estes días:

- Contos: lerlles, deixarlles que sexan eles quen "lean", inventar historias, cambialas, debuxalas...
- Letras: buscar letras en contos, revistas, carteis, etiquetas, roupa... adiviñar que pon, como se escribe, copiar palabras...
- Números: contar obxectos habituais (froita, xoguetes, toallas...) no día a día (cando se garda a roupa ou nos xoguetes). Ver números en etiquetas, botes de crema... Escríbilos..
- Plástica: recortar con tesoiras cousas de revistas (fotos, letras...), pegar, facer collages, plastilina, colorear con diferentes materiais (acuarelas, ceras, rotuladores...), estampar, debuxar...
- Xogos de mesa: oca, dominó, cartas de familias, crebacabezas, tres en raia, memoris, bingos (de números, de letras)...
- Linguaxe: falar moito con eles de temas variados, explicándolles as cousas. Gústalles coñecer o porqué das

cousas e teñen capacidade para entendelas perfectamente.

Utilicemos unha linguaxe normal, non de bebé.

- Atención e memoria: adiviñas, aprender cancións, "vexo-vexo", xogos de palmas...
- Darlle autonomía nas actividades diarias, son capaces de facer máis cousas das que imaxinamos.

PERO, SOBRE TODO..., XOGADE MOITO CON ELES!

Un saúdo.